

Convocatoria do Certame “Cooperativismo no Ensino” 2011

Infantil, Primaria e Secundaria



CERTAME “COOPERATIVISMO NO ENSINO 2011” Infantil, Primaria e Secundaria

Modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo dirixida ao alumnado de infantil e primaria.

Os centros de infantil e primaria que realizasen actividades de fomento e divulgación do cooperativismo poderán presentar a este concurso os debuxos, pinturas, fotografías e/ou vídeos realizados polo seu alumnado segundo as seguintes categorías:

Categoría A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.

Categoría B: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.

Categoría C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

Categoría D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

Premios:

- Un premio ao mellor traballo de cada categoría: os/as autores/as do traballo premiado en cada categoría recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.700 euros.
- Un accésit por cada categoría: os/as autores/as de cada traballo premiado recibirán materiais de debuxo e pintura, audiovisual ou informático, por un valor de 1.700 euros.

Modalidade de Actividades Cooperativizadas dirixido ao alumnado de primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obligatoria

Os centros de educación secundaria obligatoria que realizasen actividades de fomento e divulgación do cooperativismo poderán presentar a este concurso as memorias dos traballos realizados cooperativamente por grupos do seu alumnado, tales como: unha viaxe de ampliación de estudos, un festival de fin de curso, un campionato deportivo, un xornal, unha páxina web, un programa de radio ou unha obra de teatro, segundo as seguintes categorías:

Categoría E: alumnos/as do primeiro ciclo da E.S.O.

Categoría F: alumnos/as do segundo ciclo da E.S.O.

Premios:

- Un premio ao mellor traballo por categoría: os/as autores/as do traballo premiado en cada categoría recibirán material audiovisual ou informático, por un valor total equivalente a 2.700 euros.

Presentación de Solicituds

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o día 15 de maio de 2011

As bases desta convocatoria pódense consultar no DOG, nº 59, do 24.03.2011

Máis información www.cooperativasdegalicia.com


Consello Galego de Cooperativas 881 999 268



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



Cooperativismo e Economía Social



XUNTA
DE GALICIA